

---

## RESOLUCIÓN DE INICIO

---

Asunto: inicio do expediente e consulta pública previa da Ordenanza municipal reguladora da corta, saca, depósito, carga e transporte de madeira procedente de tala.

### ANTECEDENTES

O Concello de Paderne considera necesario actualizar a regulación municipal das operacións de corta, saca, depósito, carga e transporte de madeira que afecten ou poidan afectar ao viario e ás infraestruturas municipais.

De conformidade co artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, con carácter previo á elaboración e aprobación do proxecto normativo debe facilitarse a participación das persoas e organizacións potencialmente afectadas.

### RESOLVO

PRIMEIRO.- Iniciar o expediente para a aprobación dunha nova Ordenanza municipal reguladora da corta, saca, depósito, carga e transporte de madeira procedente de tala, que substituirá a ordenanza publicada no BOP da Coruña núm. 291, do 21 de decembro de 2000.

SEGUNDO.- Someter a iniciativa a consulta pública previa durante o prazo de DEZ DÍAS HÁBILES, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no portal web ou sede electrónica municipal.

TERCEIRO.- Publicar o anuncio que figura como anexo desta resolución, co obxecto de recadar a opinión das persoas, empresas e organizacións potencialmente afectadas.

CUARTO.- As achegas poderán presentarse a través da sede electrónica, do Rexistro Xeral municipal ou dos restantes medios previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015.

QUINTO.- Finalizado o prazo, incorporarse ao expediente certificación das achegas recibidas e procederáse á súa valoración antes da redacción definitiva do proxecto.

En Paderne, na data da sinatura electrónica.

O ALCALDE  
D. Sergio Platas Casal

---

## ANEXO. CONSULTA PÚBLICA PREVIA

### APROBACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA CORTA, SACA, DEPÓSITO, CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA PROCEDENTE DE TALA

De conformidade co artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sométese a consulta pública previa a iniciativa para aprobar unha nova ordenanza municipal sobre as operacións forestais que afecten ou poidan afectar ao viario municipal.

#### **a) Problemas que se pretenden solucionar.**

Danos nos camiños, pistas, cunetas, pontes, canalizacións e sinais; presenza de barro, restos ou madeira nas vías; riscos para a circulación; dificultades para identificar responsables e facer efectiva a reparación dos danos.

#### **b) Necesidade e oportunidade.**

A ordenanza actualmente vixente data do ano 2000 e precisa adaptarse á normativa actual de procedemento administrativo, montes, incendios forestais, responsabilidade e potestade sancionadora.

#### **c) Obxectivos.**

Regular unha comunicación previa estritamente municipal; identificar as vías e empresas intervinientes; garantir a limpeza e reparación; establecer garantías proporcionadas; e diferenciar o control municipal das autorizacións forestais da Xunta de Galicia.

#### **d) Alternativas.**

A alternativa non regulatoria, baseada unicamente na reclamación posterior dos danos, considérase insuficiente. Poderían valorarse alternativas sobre a contía e modalidade das garantías, documentación esixible, prazos e medidas de control.

#### **e) Destinatarios especialmente afectados.**

Propietarios forestais, empresas madeireiras, transportistas, contratistas, comunidades de montes, asociacións do sector e usuarios do viario municipal.

Prazo para formular achegas: DEZ DÍAS HÁBILES desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio.

Lugar de presentación: sede electrónica do Concello de Paderne, Rexistro Xeral municipal ou calquera dos medios admitidos polo artigo 16.4 da Lei 39/2015.